

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .

CURSO2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **INTRODUCCIÓN**
2. **ESO: Criterios de Avaliación e estándares de aprendizaxe, Avaliación e cualificación, Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
3. **BACHARELATO: Criterios de Avaliación e estándares de aprendizaxe, Avaliación e cualificación, Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **PENDENTES**
5. **Información e publicidade.**

1. INTRODUCCIÓN

A repentina suspensión das clases presenciais debido as medidas adoptadas fronte á pandemia do Covid-19, fan necesaria a modificación da programación do presente curso. Unha vez recibidas as orientacións de cara ao terceiro trimestre e finalmente a publicación das instrucións do 27 de abril, reorganizamos o traballo de aula cos criterios que siguen:

- Tarefas de recuperación
- Tarefas de repaso
- Tarefas de reforzo
- E se procede, tarefas de ampliación dos contidos xa impartidos.

Os estándares de aprendizaxe, competencias clave e criterios de avaliación establecidos na programación son modificados, mantendo os mínimos que foron traballados durante a 1ª e 2ª avaliación e aqueles que se consideran básicos ó longo de todo o curso

As seguintes táboas conteñen os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación relacionados que se terán en conta en cada un dos cursos da ESO e BACHARELATO: **As competencias básicas serán mesmas establecidas na programación para este curso 2019-20 en relación cos citados estándares de aprendizaxe.**

2. ESO: CRITERIOS E AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN, METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e ampliación)

1º ESO

1. Criterios de Avalación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	B1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. B1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.
B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escala	B1.2.2. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator cunha de Peters.
B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	B1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas

B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	B1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características B1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares
B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	B1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial
B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	B1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. B1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo	B1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental	B1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo
B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo	B1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas	B3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos
B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época
B3.6. Entender o proceso de hominización	B3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. B3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela
B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	B3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Nota media das 1ª e 2ª avaliación Entrega de tarefas e traballos para a súa valoración Interpelación por medio de correo ou durante as clases virtuais , de realizarse. Regularidade na entrega de tarefas As correccións e autocorreccións realizadas</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas con valoración cualitativa das mesmas en base a: Entregado-Correcto/ Notable. • Lista de participación nas actividades propostas. • Probas telemáticas.
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre.</p> <p>O alumnado con avaliación suspensas terá que realizar exercicios de recuperación e repaso de cada unha das avaliacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de ter unha soa avaliación suspensa, poderá recuperala coa entrega e avaliación positiva dos exercicios de recuperación facilitados pola profesora, a nota será un máximo de 5, e pasará a facer media coa avaliación aprobada. - No caso de ter a 1º e a 2ª avaliación suspensas, deberá entregar as actividades de recuperación que lle serán facilitadas e estas han de ser valoradas positivamente. A nota máxima será un 5. <p>As actividades de afondamento, reforzo e ampliación realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo, o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria recollerá os contidos abordados durante o 1º e o 2º trimestre de maneira presencial, polo que os contidos a examinar serán os correspondentes entre o Bloque 1 e o bloque 3 (PREHISTORIA)</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: son os que figuran na Programación Inicial da materia correspondente.</p> <p>Criterios de cualificación e Procedementos e instrumentos de avaliación: Especificado no apartado de 4</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización de actividades de recuperación para o alumnado coa primeira e/ ou a segunda avaliación suspensas.</p> <p>Realización de actividades de repaso do libro dos temas xa vistos na 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Realización de actividades de repaso, reforzo e ampliación facilitadas pola profesora: textos , mapas históricos, imaxes, cuestionarios.....</p> <p>Visionado e comentario de material audiovisual (películas, documentais, vídeos didácticos...)</p> <p>Elaboración de traballos audiovisuais ou de redacción sobre contidos de ampliación na materia.</p> <p>Exposición de traballos a través de vídeo ou clase virtual.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de 1ºESO ten acceso aos recursos a través de ordenador e nalgúns casos de móbil. As tarefas entregadas serán corrixidas ben de xeito individualizado, pola profesora ou a través de documentos de autoavaliación, ou ben de forma colectiva nas clases virtuais se estas se celebrasen.</p>
Materiais e recursos	<p>O alumnado dispón do seu libro de texto, co que traballamos todo o curso; este material básico que será o utilizado para todas as tarefas de recuperación.</p> <p>Para as tarefas de reforzo e ampliación temos algúns dos recursos do propio libro de texto que non foran utilizados durante o curso, o material de ampliación da propia editorial, e fichas de actividades descargadas, enlaces a material audiovisual didáctico, e outros recursos audiovisuais buscados polo alumnado na realización de traballos.</p>

2ºESO

1. Criterios de Avalación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avalación	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Recoñecer que o pasado non está “morto e enterrado”, senón que condiciona o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	B3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	<p>B3.2.2. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.</p> <p>B3.2.1. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.</p>
B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinan cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	<p>B3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as noicións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.</p> <p>B3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.</p>
B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
B3.6. Caracterizar a Alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade e da falta de fontes históricas neste período.	B3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites de que se pode escribir sobre o pasado.
B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	B3.7.1. Compara as formas de vida (en diferentes aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos.
B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	B3.8.1. Caracterizar a sociedade feudal e as relación entre señores e campesiños.
B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	B3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. B3.9.2. Explica a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.
B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Ándalus.	B3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica. B3.10.2. Explica a importancia do camiño de Santiago.
B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	B3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	B.3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Nota media das 1ª e 2ª avaliación. Entrega de tarefas e traballos para a súa valoración. Entrega na Aula Virtual. Interpelación por medio de correo ou durante as clases virtuais (dende mediados de maio). Regularidade na entrega de tarefas. As correccións e autocorreccións realizadas.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo e exames realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas con valoración cualitativa das mesmas. • Lista de participación nas actividades propostas. • Probas (telemáticas ou outras)
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre. O alumnado con avaliación suspensas terá que realizar exercicios de recuperación e repaso de cada unha das avaliacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de ter unha soa avaliación suspensa, poderá recuperala coa entrega e avaliación positiva dos exercicios de

	<p>recuperación facilitados pola profesora. A nota será un máximo de 5, e pasará a facer media coa avaliación aprobada.</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de ter a 1º e a 2ª avaliación suspensas, deberá entregar as actividades de recuperación que lle serán facilitadas. Estas han de ter unha valoración de aprobado. Ademais terá que realizar unha proba no mes de xuño (telemática ou doutro tipo se é posible). A nota máxima será un 5. <p>As actividades de afondamento, reforzo e ampliación realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo como o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas. Poderá cualificarse tamén a través de probas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria recollerá os contidos abordados durante o 1º e o 2º trimestre de maneira presencial, polo que os contidos a examinar serán os correspondentes ao Bloque 3: A Historia (xa que decidiuse comezar por este bloque)
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: son os que figuran na Programación Inicial da materia correspondente.
	Criterios de cualificación e procedementos e instrumentos de avaliación : Especificado no apartado 4 “pendentes”

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización de actividades de recuperación para o alumnado coa primeira e/ ou a segunda avaliación suspensas.</p> <p>Realización de actividades de repaso, reforzo e ampliación facilitadas pola profesora.</p> <p>Visionado e comentario de material audiovisual (películas, documentais, vídeos didácticos...)</p> <p>Elaboración de traballos audiovisuais ou de redacción sobre contidos de ampliación na materia.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de 2ºESO ten acceso aos recursos a través de ordenador e nalgúns casos de móbil. As tarefas entregadas serán corrixiadas de xeito individualizado, pola profesora e tamén se establecen solucionarios para que o alumnado complete e/o revisa as actividades valoradas e revisadas pola profesor (de cara a reforzar a comprensión e análise do traballo). Tamén pode corrixiarse de forma colectiva nas clases virtuais se estas se celebrasen. A maioría das actividades foron propostas para realizar individualmente, pero tamén se contemplan actividades en equipo (despois de terse observado que se comunican telematicamente para compartir traballos).</p> <p>As actividades e os materiais aparece na Aula Virtual. As comunicacións entre o alumnado e profesora fanse tamén a través do correo electrónico e do teléfono (resolución de dúbidas ou calquera problemática).</p>
Materiais e recursos	<p>O alumnado dispón do seu libro de texto, co que traballamos todo o curso; este é o material básico que será o utilizado para todas as tarefas de recuperación, reforzo e ampliación.</p> <p>Proporcionanse fichas de actividades, enlaces a material audiovisual didáctico ou indícaselles a súa visualización.</p> <p>O alumnado ten tamén que buscar material en diversos medios para a realización dalgúns traballos.</p>

1. Criterios de Avaliación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Introdución á Xeografía B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite.</p>	<p>B1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes de satélite B1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas B1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos. Competencias: CAA; CMCCT; CCL; CD, CSC</p>
<p>Tema 1: O organización política do mundo B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.</p>	<p>B1.2.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas Competencias: CCL; CMCCT; CD; CAA; CSC; CSIE</p>
<p>Tema 2: O mundo, unha economía globalizada B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos:</p>	<p>B2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos B.2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. Competencias: CCL; CMCCT; CAA; CSC; CSIEE; CD</p>
<p>Tema 3: O sector primario B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións. B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial. B2.7. Explicar e localizar os tipos de pesca e os seus problemas.</p>	<p>B2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos B2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. B2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, utilizando recursos impresos e dixitais. B2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. Competencias: CAA; CMCCT; CCL; CD; CSC; CSIEE</p>
<p>Tema 4: Minaría, enerxía e industria B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións. B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial. B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo. B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.</p>	<p>B2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. B2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. B2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. B2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. B2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. Competencias: CCL; CMCCT; CD; CAA; CSC; CSIEE; CD</p>
<p>Tema 5: Os servizos B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno. B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais. B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.</p>	<p>B2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos. B2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. B2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. B2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país B2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade B2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. B2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos.</p>

B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.	B2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega. Competencias: CCL; CMCCT; CAA; CSC; CSIEE; CD
Tema 6: Un mundo de cidades B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite. B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	B1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. B2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. Competencias: CAA; CMCCT; CCL; CD; CSC
Tema 7: o reto do desenvolvemento B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións. B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflectan os niveis de consumo, o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos. e a proposta de iniciativas para solucionar algúns problemas sociais.	B2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. B2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. B2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. Competencias: CCL; CMCCT; CD; CAA; CSC; CSIE
Tema 8: a sustentabilidade ambiental B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.	B2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. Competencias: CCL; CMCCT; CD; CAA; CSC; CSC; CSIE

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Nota media das 1ª e 2ª avaliación Entrega de tarefas para a súa valoración Interpelación por medio de correo ou durante as clases virtuais, de realizarse Regularidade na entrega de tarefas As correccións e autocorreccións realizadas</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas con valoración cualitativa das mesmas en base a: Entregado-Correcto/ Notable • Lista de participación nas actividades propostas. • Probas telemáticas, de ser realizadas.
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre.</p> <p>O alumnado con avaliacións suspensas terá que realizar exercicios de recuperación e repaso de cada unha das avaliacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de ter unha soa avaliación suspensa, poderá recuperala coa entrega e avaliación positiva dos exercicios de recuperación facilitados pola profesora; a nota será un máximo de 5, e pasará a facer media coa avaliación aprobada. De non facelos, deberán realizar unha proba telemática para acadar unha avaliación positiva.

	<p>- No caso de ter a 1º e a 2ª avaliación suspensas, ademais de entregar as actividades de recuperación feitas, e valoradas positivamente, terán que realizar unha proba telemática no mes de Xuño.</p> <p>As actividades de afondamento e reforzo e ampliación realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo, o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas (Entregado-Correcto/ 1 punto- Notable 2 puntos)</p>
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria recollerá os contidos abordados durante o 1º e o 2º trimestre de maneira presencial, polo que os contidos a examinar serán os correspondentes entre o tema 1(A organización política do mundo) e o tema 8(A sustentabilidade medioambiental).
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: son os que figuran na Programación Inicial da materia correspondente.
	Criterios de cualificación e Procedementos e instrumentos de avaliación: especificado no apartado 4- Pendentes

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización de actividades de recuperación para o alumnado coa primeira e/ou segunda avaliación suspensas.</p> <p>Realización de actividades de recuperación para o alumnado coa materia pendente de 2º ESO</p> <p>Realización de actividades de repaso do libro dos temas xa vistos na 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>Realización de actividades de repaso, reforzo e ampliación facilitadas pola profesora: textos, mapas históricos, cuestionarios.....</p> <p>Visionado e comentario de material audiovisual (películas, documentais, vídeos didácticos...)</p> <p>Elaboración de traballos audiovisuais ou de redacción sobre contidos de ampliación na materia.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado de 3º de ESO ten acceso aos recursos a través de ordenador e nalgúns casos de móbil. As tarefas entregadas serán corrixiadas ben de xeito individualizado, pola profesora ou a través de documentos de autoavaliación, ou ben de forma colectiva nas clases virtuais se estas se celebrasen.
Materiais e recursos	<p>O alumnado dispón do seu libro de texto, co que traballamos todo o curso; este material básico que será o utilizado para todas as tarefas de recuperación.</p> <p>Para as tarefas de reforzo e ampliación temos algúns dos recursos do propio libro de texto que non foran utilizadas durante o curso, o material de ampliación da propia editorial, apuntes e actividades elaboradas pola profesora, e material audiovisual educativo.</p>

4ºESO

1. Criterios de Avalación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avalación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico	B1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración
B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.	B1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías.
B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.	B2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.
B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX	B2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.
B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.	B3.1.1. Analiza os pros e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.
B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.	B4.1.1. Explica como o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica Industrial e o seu encadeamento causal.
B4.2. Establecer xerarquías causais da evolución do imperialismo.	B4.2.1. Recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
B4.3 Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles..	B4.3.1. Diferenza os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.
B4.4 Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución rusa.	B4.4.1. Entende a Revolución rusa na súa época e na actualidade
B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa	B5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época	B5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas B5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Nota media das 1ª e 2ª avaliación, según os procedementos establecidos na programación ordinaria. Entrega de tarefas para a súa valoración Interpelación por medio de correo ou durante as clases virtuais, de realizarse as mesmas. Regularidade na entrega de tarefas As correccións e autocorreccións realizadas pola profesora e o alumnado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas con valoración cualitativa das mesmas en base a: Entregado/ Correcto/ Notable. • Lista de asistencia a clases virtuais • Lista de participación nas actividades propostas. • Probas telemáticas.
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre. O alumnado con avaliación suspensas terá que realizar exercicios de recuperación e repaso de cada unha das avaliacións</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de ter unha soa avaliación suspensa, poderá recuperala coa entrega e avaliación positiva dos exercicios de recuperación facilitados pola profesora, a nota será un máximo de 5, e pasará a facer media coa avaliación aprobada. De non facelos, terá que realizar unha proba para acadar unha avaliación positiva. - No caso de ter a 1º e a 2ª avaliación suspensas, ademais de entregar as actividades de recuperación, e valoradas positivamente, terá que realizar unha proba telemática no mes de Xuño. <p>As actividades de afondamento e reforzo e ampliación realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo, o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas (Entregado-Correcto/ 1 punto- Notable, 2 puntos)</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba extraordinaria recollerá os contidos abordados durante o 1º e o 2º trimestre de maneira presencial, polo que os contidos a examinar serán os correspondentes entre o Bloque 1: O século XVIII e o Bloque 5(Entreguerras)</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: son os que figuran na Programación Inicial da materia correspondente.</p>
	<p>Criterios de cualificación e Procedementos e instrumentos de avaliación: Especificado no apartado 4.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización de actividades de recuperación para o alumnado coa primeira e/ ou a segunda avaliación suspensas. Realización de actividades de repaso do libro dos temas xa vistos na 1ª e 2ª avaliación. Realización de actividades de repaso, reforzo e ampliación facilitadas pola profesora: textos, mapas históricos, cuestionarios..... Visionado e comentario de material audiovisual (películas, documentais, vídeos didácticos...)</p>

	Elaboración de traballos audiovisuais ou de redacción sobre contidos de ampliación na materia. Lectura de “14 “ e realización da ficha de actividades sobre o mesmo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado de 4º ten acceso aos recursos a través de ordenador e nalgúns casos de móbil, polo que non é fácil realizar clase virtuais con eles, pola falta de conectividade polos menos con 6 dos dous alumnos. As tarefas entregadas serán corrixidas ben de xeito individualizado, pola profesora ou a través de documentos d autoavaliación, dándolle prioridade ao uso de correo electrónico para comunicarse con eles.
Materiais e recursos	O alumnado dispón do seu libro de texto, co que traballamos todo o curso; este material básico que será o utilizado para todas as tarefas de recuperación, así como de exercicios facilitados pola profesora. Para as tarefas de reforzo e ampliación temos algúns dos recursos do propio libro de texto que non foran utilizados durante o curso, o material de ampliación da propia editorial, e fichas de actividades descargadas, enlaces a actividades web, e enlaces a material audiovisual didáctico.

3. BACHARELATO: CRITERIOS E AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN, METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e ampliación)

1º de Bacharelato: HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

1. Criterios de Avalación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas.	B1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. B1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias e secundarias, relativa ao Antigo Réxime. B1.2.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, políticos,

	<p>sociais e culturais.</p> <p>B.1.2.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos do Antigo Réxime.</p>
B1.2. Distinguir as transformacións do Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade.	<p>B1.2.1. Explica as transformación do Antigo Réxime que afectan á economía, á poboación e á sociedade.</p> <p>B1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime.</p>
B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	<p>B1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.</p> <p>B1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.</p>
B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambos.	<p>B1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo, o de comezos do século XIX</p> <p>B1.4.2. Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o liberalismo de comezos do século XIX.</p>
B1.5. Describe as relación internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	B1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen.
B2.1. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña na que se ache dispoñible.	B2.1.1. Identifica as causas da Primeira Revolución Industrial.
B2.2. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.	<p>B2.2.1. Explica razoadamente a evolución cara á Segunda Revolución Industrial.</p> <p>B2.2.2. Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais.</p>
B2.3. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce este avance.	<p>B2.3.1. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.</p> <p>B2.3.2. Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas.</p>
B2.4. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación relacionados coa Revolución Industrial do s. XIX.	<p>B2.4.1. Señala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da RI.</p> <p>B2.4.3. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX.</p> <p>B2.4.4. Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles.</p>
B2.5. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.	B2.5.1. Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas.
B2.6. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX	B2.6.1. Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución

	Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo. B2.6.2. Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.
B3.1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.	B3.1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.
B3.2. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia dos Estados Unidos e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia.	B.3.2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos EEUU a partir de fontes historiográficas.
B3.3. Explicar a Revolución Francesa de 1789, as causas, desenvolvemento e consecuencias.	B3.3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789. B3.3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.
B3.4. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establece as súas consecuencias.	B3.4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.
B3.5. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificas as súas consecuencias para os países implicados.	B3.5.1. Analiza as ideas defendidas e as conclusión do Congreso de Viena, e relaciónas coas súas consecuencias.
B3.6. Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848 e relacionar as súas causas e o seu desenvolvemento.	B3.6.1. Compara as causas e o desenvolvemento das revolución de 1820, 1830 e 1848.
B3.7. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña.	B.3.7.1. Describe e explica a unificación de Italia e de Alemaña a partir de fontes gráficas.
B.4.2. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e Estados Unidos a finais do século XIX.	B4.2.1. Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Reino Unido, Francia, Alemaña, Imperio Austro-húngaro, Rusia, EEUU e Xapón.
B4.3. Describir a expansión colonial dos países industriais: causas, colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais, consecuencias.	B4.3.1. Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX. B4.3.2. Localiza nun mapa as colonias das potencias imperialistas. B4.3. 3. Recoñece as cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.
B4.4. Compara sinteticamente os sistemas de alianzas do período a da Paz Armada.	B4.4.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.
B.4.5. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.	B4.5.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial. B4.5.3. Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.

	B4.5.4. Extrae conclusión a partir de fontes gráficas sobre as consecuencias da I Guerra Mundial.
B5.2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas e establecer as súas consecuencias.	B5.2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de febreiro de 1917- B5.2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.
B5.3. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e a creación da Sociedade de Nacións.	B5.3.1. Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.
B5.5. Recoñecer a influencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo.	B5.5.1. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán. B5.5.2. Distinguir a súa simboloxía na primeira metade do XX.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Nota media das 1ª e 2ª avaliación segundo consta na Programación de principio de curso. Entrega de tarefas e traballos para a súa valoración. Entrega na Aula Virtual. Interpelación por medio de correo ou durante as clases virtuais (desde mediados de abril). Regularidade na entrega de tarefas. As correccións e autocorreccións realizadas.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo e exames realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas con valoración cualitativa das mesmas. • Lista de participación nas actividades propostas. • Probas (telemáticas ou outras)
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre. O alumnado con avaliación suspensas terá que realizar exercicios de recuperación e repaso de cada unha das avaliacións. Recuperarase: - Entrega e valoración positiva dos exercicios de recuperación facilitados pola profesora. -Proba (telemática ou doutro tipo se é posible). A nota máxima será un 5.</p>

	As actividades de afondamento, reforzo e ampliación realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo como o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas. Poderá cualificarse tamén a través de probas.
Proba extraordinaria de setembro	A proba extraordinaria recollerá os contidos abordados durante o 1º e o 2º trimestre de maneira presencial.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización de actividades de recuperación para o alumnado coa primeira ou a segunda avaliacións suspensas.</p> <p>Realización de actividades de repaso, reforzo e ampliación facilitadas pola profesora.</p> <p>Visionado e comentario de material audiovisual (películas, documentais, vídeos didácticos...)</p> <p>Elaboración de traballos audiovisuais ou de redacción sobre contidos de ampliación na materia.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de 1º de Bacharelato ten acceso aos recursos a través de ordenador e nalgúns casos de móbil. As tarefas entregadas serán corrixidas de xeito individualizado, pola profesora. O alumnado debe completar e/ou revisar as actividades valoradas e revisadas pola profesora (de cara a reforzar a comprensión e análise do traballo). Tamén pode corrixirse de forma colectiva nas clases virtuais. A maioría das actividades foron propostas para realizar individualmente, pero tamén se contemplan actividades en equipo (despois de terse observado que se comunican telematicamente para compartir traballos).</p> <p>As actividades e os materiais aparecen na Aula Virtual. As comunicacións entre o alumnado e profesora fanse tamén a través do correo electrónico, do teléfono (resolución de dúbidas ou calquera problemática) e de videoconferencias.</p> <p>Realízanse videoconferencias a través de Webex desde de abril.</p>
Materiais e recursos	<p>O alumnado dispón do seu libro de texto e de apuntes proporcionados pola profesora. Estes son os materiais básicos que serán usados para todas as tarefas de recuperación, reforzo e ampliación.</p> <p>Proporcionanse fichas de actividades, enlaces a material audiovisual didáctico ou indícaselles a súa visualización.</p> <p>O alumnado ten tamén que buscar material en diversos medios para a realización dalgúns traballos.</p>

HISTORIA DA ARTE

1. Criterios de Avalación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avalación	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural	B1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega. B1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica. B1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir dun "Kouros", o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo).
B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	B1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón", Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro. B1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), metopas da Centauromaquia do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo)
B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.	B1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega.
B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	B1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega. B1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos
B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico)	B1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma).
B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural	B2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla
B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais	B.2.4.1 Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia. B2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: Santa María do Naranco (Oviedo), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense).
B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural. B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico)	B2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía

<p>B2.8. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural</p>	<p>HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.</p> <p>B2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.</p>
<p>10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico)</p>	<p>B2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims.</p> <p>B2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Visitación da catedral de Reims.</p> <p>B2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto" e "O pranto ante Cristo morto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch.</p>
<p>B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico)</p>	<p>B2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas:a Catedral de Santiago de Compostela.</p> <p>B2.12.2. fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago.</p> <p>B2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León</p>
<p>B3.1 Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p>	<p>B3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.</p>
<p>B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>B3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio.</p> <p>B3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano:"David" e "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo.</p> <p>B3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" de Masaccio; "A Virxe das rochas", e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda da Capela Sixtina, de Michelangelo; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano.</p> <p>B3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: Mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera.</p> <p>B3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores.</p>
<p>B3.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco,</p>	<p>B3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español</p>

<p>aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico)</p>	<p>do século XVII: a Torre do Reloxo da catedral de Santiago, de Andrade, "Piedad", de Gregorio Fernández.</p> <p>B3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "O augador de Sevilla, "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda, e "As meninas" de Velázquez.</p> <p>B3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; ; fachada do convento de Santa Clara, de Simón Rodríguez</p>
<p>B4.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>B4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid" ("A loita cos mamelucos"), "Os fusilamentos do 3 de maio de 1808"; "Saturno devorando un fillo".</p>
<p>B4.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>B4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet. "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Natureza morta con tarteira" e "Os xogadores de cartas", de Cézanne; "A noite estrelada" de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin</p>
<p>B5.2. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico)</p>	<p>B5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Primeira acuarela abstracta", de Kandinsky; "Táboa número 1", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "A persistencia da memoria", de Dalí. B5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "Fonte", de Duchamp</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Nota media das 1ª e 2ª avaliación, segundo os procedementos establecidos na programación ordinaria. Entrega de tarefas para a súa valoración. Participación e asistencia as clases virtuais. Comunicación, permanente a través das canles establecidas</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas no terceiro trimestre con valoración cualitativa das mesmas en base a: Entregado-Correcto/ Notable. • Lista de asistencia a clases virtuais • Lista de participación nas actividades propostas. .
-------------------	--

Cualificación final	A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre. As actividades de repaso e reforzo e ampliación realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo, o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas (Entregado-Correcto(1 punto)/ Notable(2puntos))
Proba extraordinaria de Setembro.	A totalidade do alumnado acadaría, segundo os criterios establecidos anteriormente, a superación da materia en Xuño

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Realización de actividades de repaso e reforzo do temario xa traballado na primeira e na segunda avaliación, de cara a superación das ABAU. Realización de actividades de ampliación : temario con novos contidos curriculares, comentarios de obras, traballo de vocabulario, intentando completar os contidos curriculares obxecto da proba das ABAU. Visionado de material audiovisual con contidos de repaso e ampliación(vídeos didácticos sobre estilos, autores e obras concretas, audios con comentarios da profesora...) Clases mediante videoconferencia a través de Webex.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	O alumnado de 2º de Bacharelato ten acceso aos recursos a través de ordenador e móbil, e ningún deles presenta agora mesmo maiores problemas de conectividade. O material de ampliación (apuntes, comentarios, audios e enlaces a vídeos educativos) é facilitado pola profesora de materia a través de Google Drive, e correo electrónico,ou wasap, ao igual que as tarefas realizadas polo alumnado. A resolución de dúbidas e corrección e tarefas, se realiza a través das mesmas plataformas, así como nas clases telemáticas semanais, e a través de wasap.
Materiais e recursos	O alumnado dispón dos apuntes facilitados pola profesora, co que traballamos todo o curso, que será usado para as tarefas de reforzo e repaso, así como o novo material facilitado pola profesora para as actividades de ampliación xa descrito. Todos eles contan ademais co libro de texto de Vicens Vives de Historia da Arte de 2ºBacharelato facilitado en préstamo pola biblioteca do IES.

HISTORIA DE ESPAÑA

1. Criterios de Avaliación e Estándares de aprendizaxe	
Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>Tema 1: Hispania e Gallaecia na antigüedad</p> <p>1.1. Comprender a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e coñecer os vestixios das primeiras culturas peninsulares.</p> <p>1.2. Valorar o impacto da romanización na península ibérica e recoñecer algúns dos máis destacados vestixios da civilización romana.</p> <p>1.3. Comprender e valorar a chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular.</p>	<p>1.1.1. Comprende a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas.</p> <p>1.1.3. Coñece as principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia</p> <p>1.2.1. Describe as etapas da conquista romana de Hispania e Gallaecia.</p> <p>1.2.2. Identifica e valora as transformacións do hábitat, así como as consecuencias económicas e sociais da romanización.</p> <p>1.2.3. Analiza e comenta o impacto cultural da presenza de Roma en Hispania e Gallaecia.</p> <p>1.3.1. Identifica os principais pobos xermánicos que penetraron en Hispania.</p> <p>1.3.2. Analiza e comenta os trazos do reino suevo de Gallaecia.</p> <p>1.3.3. Explica a organización e dificultades do reino visigodo en Hispania.</p>
<p>Tema 2: Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais</p> <p>2.1. Coñecer os trazos e evolución do dominio musulmán e a orixe dos reinos cristiáns.</p> <p>2.2. Explicar a evolución e expansión dos reinos cristiáns</p> <p>2.3. Coñecer os trazos básicos da economía, sociedade e política da época feudal.</p> <p>2.4. Identificar os problemas políticos, sociais e demográficos de finais da Idade Media.</p> <p>2.5. Sintetizar os trazos específicos da Galicia medieval</p> <p>2.6. Describir a orixe e evolución do Camiño de Santiago e as manifestacións culturais e artísticas con el vinculadas, especialmente a arte románica e gótica.</p>	<p>2.1.1. Explica o inicio e evolución da conquista musulmá da Península ibérica</p> <p>2.1.2. Caracteriza as etapas do dominio musulmán e resume os cambios económicos, sociais e culturais de al-Andalus.</p> <p>2.1.3. Comprende a orixe dos reinos cristiáns e sintetiza a súa evolución.</p> <p>2.2.1. Identifica as unidades políticas que se foron configurando no territorio cristián reconquistado.</p> <p>2.2.2. Explica os sistemas de repoboación cristiá e as súas consecuencias.</p> <p>2.3.1. Identifica e caracteriza os trazos básicos do feudalismo peninsular.</p> <p>2.3.2. Elabora un cadro-síntese coas características dos grupos sociais no feudalismo.</p> <p>2.3.3. Explica a orixe e características do réxime señorial e da monarquía feudo-vasalática.</p> <p>2.4.1. Describe as causas da crise demográfica do século XIV e valora as súas consecuencias.</p> <p>2.4.2. Sintetiza as crises políticas dos reinos cristiáns e as guerras orixinadas.</p> <p>2.4.3. Identifica os principais focos de tensión social e describe as súas características.</p> <p>2.5.1. Identifica e valora a evolución política do reino de Galicia na Idade Media.</p> <p>2.5.2. Explica e valora as consecuencias da existencia dos foros.</p>
<p>Tema 3: Os Reis Católicos e a monarquía hispánica</p> <p>3.1. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e o Antigo Réxime destacando os trazos herdados e os feitos que marcan o camiño da modernidade.</p> <p>3.2. Coñecer os trazos xerais da Monarquía hispánica.</p> <p>3.3. Caracterizar as fases da conquista e os trazos da explotación das colonias</p>	<p>3.1.1. Define o concepto de unión dinástica e describe as características do novo tipo de goberno establecido polos RR CC.</p> <p>3.1.2. Analiza a actuación dos RR CC en relación con Galicia.</p> <p>3.1.3. Analiza as consecuencias da ampliación territorial levada a cabo durante o seu reinado.</p> <p>3.1.4. Valora os acontecementos de 1492 e o reparto do novo mundo con Portugal.</p>

<p>americanas.</p> <p>3.4.Coñecer os trazos e feitos máis significativos de Galicia durante os reinados dos monarcas da casa de Habsburgo.</p> <p>3.5.Identificar os trazos do Humanismo e da Contrarreforma e dos estilos artísticos do Renacemento e do Barroco.</p>	<p>3.2.1.Describe as bases políticas, sociais, económicas da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII.</p> <p>3.2.2.Destaca os feitos máis salientables dos reinados de Carlos I e Filipe II</p> <p>3.2.3.Caracteriza os reinado de Filipe III e Filipe IV, con especial atención ás propostas do Conde-Duque.</p> <p>3.2.4.Analiza a perda de hexemonía e o sistema de Westfalia-Pirineos e o problema sucesorio á morte de Carlos II.</p> <p>3.3.1.Elabora un eixe do tempo coas fases da conquista americana e os feitos máis significativos.</p> <p>3.3.2.Explica o modelo de dominio e de explotación e as críticas formuladas contra ela.</p> <p>3.3.3.Valora o intercambio Europa-América a través da selección e comentario dalgún dos produtos intercambiados.</p> <p>3.4.1.Describe a organización administrativa do reino de Galicia.</p> <p>3.4.2.Analiza o papel de Galicia no contexto xeral das guerras da Monarquía hispánica.</p> <p>3.4.3.Valora a introdución en Galicia de produtos americanos e os seus efectos sobre a demografía e a sociedade.</p> <p>3.5.1.Caracteriza o movemento do Humanismo e da Contrarreforma no contexto xeral da súa época.</p>
<p>Tema 4: A Monarquía borbónica no Antigo Réxime</p> <p>4.1.Describir os trazos xerais do Antigo Réxime.</p> <p>4.2.Analizar os cambios no modelo de organización política que introduce a nova dinastía e os feitos máis destacados do reinado dos primeiros monarcas Borbón en España.</p> <p>4.3.Coñecer as principais realizacións dos Borbóns en Galicia e valorar o labor dos ilustrados galegos e das institucións máis destacadas.</p>	<p>4.1.1. Valora a persistencia dun sistema económico predominantemente agrario.</p> <p>4.1.2.Caracteriza o Antigo Réxime desde o punto de vista demográfico e social.</p> <p>4.1.3.Identifica os trazos da persistencia do réxime señorial.</p> <p>4.2.1.Analiza o cambio dinástico e as dificultades no inicio da nova dinastía.</p> <p>4.2.2.Describe as reformas do novo Estado borbónico.</p> <p>4.2.3. Destaca os feitos máis salientables dos reinados de Filipe V e Fernando VI.</p> <p>4.2.4.Caracteriza o reinado de Carlos III, con especial atención ás propostas das reformas ilustradas e as dificultades para levalas a cabo.</p> <p>4.2.5. Analiza o reinado de Carlos IV no contexto dos sucesos iniciados coa Revolución de 1789.</p> <p>4.3.1.Identifica e describe as principais realizacións dos primeiros Borbóns en Galicia.</p> <p>4.3.2.Comenta o papel de fidalgos e comerciantes como grupos máis activos da sociedade galega do século XVIII.</p> <p>4.3.3. Identifica os principais ilustrados galegos e as súas propostas.</p>
<p>Tema 5: Inicios e consolidación do réxime liberal</p> <p>5.1.Identificar os principios e institucións do sistema liberal, coñecer o proceso da revolución liberal no contexto da guerra contra os franceses e as dificultades para a súa instalación definitiva. Coñecer os trazos do proceso de independencia das colonias americanas.</p> <p>5.2.Diferenciar as correntes do liberalismo e identificalas na súa aplicación concreta</p>	<p>5.1.1. Define os principios e institucións característicos do liberalismo.</p> <p>5.1.2.Valora a crise da monarquía española no contexto das guerras napoleónicas.</p> <p>5.1.3.Identifica os trazos e fases da guerra de independencia e a súa incidencia en Galicia.</p> <p>5.1.4.Coñece e valora o labor das Cortes de Cádiz.</p> <p>5.1.5.Sintetiza as fases políticas do reinado de Fernando VII e valora o enfrontamento entre</p>

<p>nas diferentes etapas do reinado de Sabela II.</p> <p>5.3.Coñecer as ideoloxías políticas protagonistas de Sexenio e a súa actividade nas diferentes fases da etapa.</p> <p>5.4.Recoñecer e sintetizar as características do modelo de Estado na España liberal.</p>	<p>absolutismo e liberalismo.</p> <p>5.1.6.Coñece os trazos e identifica as fases do proceso de independencia das colonias americanas.</p> <p>5.2.1.Describe os trazos do réxime do Estatuto Real e os acontecementos máis destacados do período.</p> <p>5.2.2.Sintetiza as fases políticas do reinado de Sabela II e valora o enfrontamento entre as diferentes correntes liberais, así como as dificultades provocadas polos carlistas..</p> <p>5.2.3.Valora as reformas económicas e políticas liberais en relación con Galicia.</p> <p>5.3.1.Diferencia as ideoloxías políticas do Sexenio e as súas realizacións máis destacadas.</p> <p>5.3.2.Describe e valora os acontecementos de 1868 e as súas consecuencias.</p> <p>5.4.1.Describe os trazos do modelo de Estado liberal en España.</p> <p>5.4.2. Nomea os principais partidos políticos do período e identifica a súa ideoloxía.</p>
<p>Tema 6: As transformacións económicas na España liberal</p> <p>6.1.Identificar os trazos dos modelos demográficos e dos movementos migratorios do século XIX e comezos do XX.</p> <p>6.2.Coñecer e valorar as propostas e realizacións dos gobernos liberais relacionadas coas transformacións agrarias.</p> <p>6.3.Caracterizar os sectores máis destacados dos inicios da industrialización da España liberal.</p> <p>6.4.Comprender e valorar os novos criterios de organización social e o papel desempeñado polos diferentes grupos.</p> <p>6.5.Coñecer as ideoloxías de maior influencia no movemento obreiro e as principais organizacións, así como as causas e manifestacións da conflictividade rural e urbana</p> <p>6.6.Recoñecer a consideración social, xurídica e política da muller na España liberal.</p>	<p>6.1.1. Caracteriza os trazos do modelo demográfico antigo e os cambios orixinados no mesmo ao longo do século XIX.</p> <p>6.1.2.Identifica as causas e as consecuencias dos movementos migratorios.</p> <p>6.1.3.Valora a incidencia da emigración en Galicia.</p> <p>6.2.1.Identifica e comenta os obxectivos básicos da reforma agraria liberal, destacando as actuacións relacionadas coa desamortización.</p> <p>6.2.2.Recoñece e caracteriza a desigual evolución da agricultura na España liberal.</p> <p>6.2.3.Caracteriza e valora a especificidade da desamortización en Galicia.</p> <p>6.3.1.Identifica e describe os sectores máis destacados das principais zonas industrializadas.</p> <p>6.3.2.Valora a significación do ferrocarril na formación do mercado interior.</p> <p>6.3.3. Caracteriza a evolución dos sectores artesanais de Galicia e o papel da industria conserveira como industria de arrastre.</p> <p>6.3.4. Compara o desenvolvemento industrial español co dos países máis avanzados de Europa.</p> <p>6.3.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.</p> <p>6.4.1.Identifica e valora os cambios máis significativos que afectaron aos grupos tradicionais: a nobreza e o clero.</p> <p>6.4.2.Caracteriza e compara a situación do campesiñado andaluz e galego.</p> <p>6.4.3.Valora o papel que desempeñou a burguesía no proceso de cambio económico, social e cultural</p> <p>6.5.1. Identifica os trazos do anarquismo e do socialismo marxista e as principais institucións xurdidas en España baixo estas influencias.</p> <p>6.5.2.Analiza e comenta a situación do proletariado nos inicios da industrialización.</p> <p>6.5.3.Caracteriza a orixe e principais manifestacións da conflictividade agraria e urbana, destacando a situación do campesiñado galego.</p> <p>6.5.4.Explica a actitude das autoridades e da patronal ante as manifestacións obreiras.</p>

<p>Tema 7: Estado e nación na Restauración borbónica</p> <p>7.1. Caracterizar o sistema político da Restauración e o seu funcionamento. 7.2. Analizar as causas da quebra do sistema político da Restauración. 7.3. Comprender a orixe e desenvolvemento dos movementos de reivindicación nacionalista</p>	<p>6.6.1. Sintetiza a condición feminina en todos os ámbitos da España decimonónica.</p> <p>7.1.1. Identifica os principios do sistema canovista e a súa aplicación no sistema da quenda. 7.1.2. Describe o sistema caciquil, con especial referencia a Galicia. 7.1.3. Sintetiza os principais acontecementos do reinado de Afonso XII. 7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 7.2.2. Coñece e analiza as causas e acontecementos máis destacados que provocaron a crise do sistema da Restauración. 7.2.3. Analiza as forzas de oposición ao sistema, destacando a posición de republicanos e nacionalistas da periferia. 7.2.4. Analiza as circunstancias que puxeron fin á ditadura e os intentos de proclamar a república. 7.3.1. Define os diferentes conceptos de nación e identifica os trazos definidores da nación española para os conservadores e os demócratas. 7.3.2. Describe as tendencias políticas máis destacadas e os procesos de formación dos nacionalismos periféricos en España, destacando o caso de Galicia.</p>
<p>Tema 8: Segunda República e Guerra Civil</p> <p>8.1. Explicar e comprender a Segunda República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración e diferenciar os sucesivos gobernos e as súas actuacións e dificultades.</p> <p>8.2. Analizar a Guerra Civil, coas súas causas, desenvolvemento e consecuencias, diferenciando a situación nas dúas zonas en que quedou dividida España.</p>	<p>8.1.1. Explica o contexto de proclamación da Segunda República, as primeiras medidas tomadas polo novo goberno e as dificultades que xurdiron. 8.1.2. Identifica as forzas de apoio e de oposición á República e valora a significación das reformas introducidas pola nova Constitución. 8.1.3. Sintetiza as actuacións e dificultades do Bienio Reformista, do Radical-Cedista e da Fronte Popular. 8.1.4. Valora a Idade de Prata da cultura e amplía información a través da consulta da rede sobre algún aspecto concreto. 8.1.5. Analiza os antecedentes da Guerra Civil. 8.2.1. Compara a evolución política, social e económica dos dous bandos enfrontados. 8.2.2. Sintetiza as fases da Guerra desde o punto de vista militar. 8.2.3. Analiza as consecuencias da derrota republicana e da vitoria dos sublevados. 8.2.4. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional.</p>
<p>Tema 9: España no franquismo</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1. Caracterizar a ideoloxía, os apoios e as bases do réxime franquista. ▪ 9.2. Analizar a etapa da posguerra no contexto interior e internacional. <p>9.3. Valorar o desenvolvemento económico dos anos 60 en contraste co inmovilismo político 9.4. Comprender as dificultades do franquismo 9.5. Coñecer a evolución da cultura española, dentro e fóra de España durante a ditadura franquista, o provocadas pola crise económica, a oposición política e os problemas exteriores</p>	<p>9.1.1. Describe as bases e os apoios do franquismo. 9.1.2. Analiza os principios do Movemento Nacional como fundamentación ideolóxica da ditadura. 9.1.3. Describe os trazos da democracia orgánica 9.2.1. Sintetiza a posición de España durante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias. 9.2.2. Analiza as dificultades económicas da posguerra. 9.2.3. Explica a situación da oposición política durante a posguerra, tanto no interior coma no exterior de España. 9.3.1. Analiza e valora o Plano de Estabilización e as súas consecuencias.</p>

	<p>9.3.2.Comenta os cambios sociais consecuencia do desenvolvemento económico.</p> <p>9.3.3.Coñece e analiza a evolución das forzas de oposición ao franquismo.</p> <p>9.3.4.Identifica as actuacións máis destacadas do período desde o punto de vista das relacións co exterior.</p> <p>9.4.1.Comprende as múltiples dificultades do franquismo nos seus últimos anos e identifica as máis destacadas.</p> <p>9.4.2.Analiza as diferentes posicións políticas ante a morte de Franco</p>
<p>Tema 10: España en democracia</p> <p>10.1.Valorar o proceso de transición desde a ditadura á democracia.</p> <p>10.2.Coñecer e valorar os trazos básicos da actual Constitución.</p> <p>10.3.Analizar a actuación dos gobernos de Adolfo Suárez e Leopoldo Calvo Sotelo.</p> <p>10.4.Comprender o proceso de formación do Estado das Autonomías, as súas dificultades e os diferentes ritmos de consecución da autonomía.</p> <p>10.5.Coñecer as reformas máis significativas dos gobernos socialistas e valorar a consolidación do estado do benestar.</p>	<p>10.1.1.Coñece e valora o proceso da transición democrática.</p> <p>10.1.2. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha.</p> <p>10.1.3.Analiza as medidas adoptadas polos primeiros gobernos da monarquía.</p> <p>10.1.4.Valora o inicio das reformas a partir do nomeamento de Adolfo Suárez como presidente de Goberno.</p> <p>10.2.1. Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978.</p> <p>10.3.1.Describe as principais actuacións políticas e económicas dos gobernos da UCD.</p> <p>10.4.2. Analiza e comenta a nova organización do Estado e os inicios da formación das actuais Comunidades Autónomas.</p> <p>10.5.1.Valora o ascenso do socialismo ao poder e as súas reformas.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Nota media das 1ª e 2ª avaliación</p> <p>Entrega de tarefas para a súa valoración</p> <p>Interpelación por medio de correo ou durante as clases virtuais, de realizarse</p> <p>Regularidade na entrega de tarefas</p> <p>As correccións e autocorreccións realizadas</p>

	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Traballo realizado e avaliado na 1º e na 2ª avaliación. • Lista de entrega de tarefas con valoración cualitativa das mesmas en base a: entregado-correcto(1 punto) / Notable(2 puntos) • Lista de participación nas actividades propostas. • Probas telemáticas, de realizarse
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso será a resultante da media entre as notas da 1ª e da 2ª avaliación, as que se lle sumará a avaliación positiva das actividades do 3º trimestre.</p> <p>O alumnado con avaliación suspensas terá que realizar exercicios de recuperación e repaso de cada unha das avaliacións</p> <p>-No caso de ter unha soa avaliación suspensa, poderá recuperala coa entrega e avaliación positiva dos exercicios de recuperación facilitados pola profesora, a nota será un máximo de 5, e pasará a facer media coa avaliación aprobada.</p> <p>-No caso de ter a 1º e a 2ª avaliación suspensas, ademais de entregar as actividades de recuperación feitas, e valorada positivamente, terá que realizar unha proba telemática no mes de Xuño.</p> <p>As actividades de afondamento e reforzo realizadas por todo o alumnado poderán subir a nota final do alumno/a ate un máximo de 2 puntos. Na súa valoración terase en conta tanto a regularidade no traballo, o cumprimento dos prazos e a valoración cualificativa das tarefas realizadas</p>
Proba extraordinaria de Setembro	<p>A totalidade do alumnado acadaría, segundo os criterios establecidos anteriormente, a superación da materia en Xuño</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realización de actividades de repaso do libro de todo o temario, de cara á ABAU.</p> <p>Realización de actividades de repaso, reforzo e ampliación facilitadas pola profesora: prácticas sobre composicións históricas, desenvolvemento de temas e vocabulario específico de cara ás probas da ABAU.</p> <p>Visionado de material audiovisual (películas, documentais, vídeos didácticos...) como complemento aos contidos do libro e apuntes facilitados pola profesora de cara á proba da ABAU.</p> <p>Elaboración de traballos de redacción sobre contidos de ampliación na materia.</p> <p>Clases a distancia pola plataforma webex, sempre que as condicións técnicas o permitan</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de 2º de Bacharelato ten acceso aos recursos a través de ordenador e nalgúns casos de móbil. As tarefas entregadas serán correxidas ben de xeito individualizado, pola profesora ou a través de documentos d autoavaliación, ou ben de forma colectiva nas clases virtuais que se celebrarán un día á semana, sempre que as condicións técnicas o permitan</p>

Materiais e recursos	<p>O alumnado dispón do seu libro de texto, co que traballamos todo o curso; este material básico que será o utilizado para todas as tarefas de recuperación.</p> <p>Para as tarefas de reforzo e ampliación temos algúns dos recursos do propio libro de texto que non foran utilizados durante o curso, o material de ampliación da propia editorial, apuntes e actividades elaboradas pola profesora, e material audiovisual didáctico.</p>
-----------------------------	--

4. PENDENTES

A avaliación das materias pendentes, debido a imposibilidade de facelo de maneira ordinaria mediante probas presenciais e seguimento do alumnado no centro na maneira determinada na Programación do Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia para o presente curso, realizarase da seguinte maneira:

- A- Manterase a avaliación positiva do alumnado que tivera realizado **entregas de traballo trimestral e superación dos exames xa realizados na parte xa avaliada do primeiro e a nota do segundo trimestre e terceiro trimestre**. A avaliación da recuperación da materia, farase da seguinte maneira: nota media entre o primeiro trimestre (exame, 70% e entrega de traballo trimestral con valoración positiva 30%), e 2º e 3º trimestre (entrega do traballo trimestral con valoración positiva 100%).

O alumnado que acade desta maneira a avaliación positiva da materia, terá superado a mesma no MES DE MAIO. A profesora comunicarllo ao alumna ou alumno durante o mes de maio.

A entrega do traballo do terceiro trimestre efectuarase durante o mes de maio, cunha data límite fixada pola profesora que faga o seguimento da materia, e facilitada ao alumno mediante correo electrónico e/ou información na Aula Virtual.

- B- O alumnado que non supere a materia mediante a avaliación trimestral no mes de maio, poderá superala mediante a **realización dunha proba telemática e entrega de traballo referido aos contidos da materia** (facilitado previamente pola profesora) no **MES DE XUÑO**. A valoración destes instrumentos de avaliación corresponderase respectivamente co 50% da cualificación final; é dicir, 50% para o traballo con valoración positiva, e 50% para a proba telemática. **A entrega do traballo deberá realizarse antes do 5 de xuño, e a proba telemática realizarase, da maneira que a profesora comunique previamente, o 11 de xuño.**
No caso de que o alumno ou alumna acade un 7 coa entrega do traballo, poderá optar a non presentarse á proba telemática cunha avaliación positiva da materia no mes de xuño.

- C- O alumnado que non supere en **xuño** a materia poderá optar a unha **PROBA EXTRAORDINARIA EN SETEMBRO**, no que se avaliará de novo **só contidos da materia que xa traballou durante o curso**, e que poderá repasar mediante un **boletín de exercicios e contidos** facilitados pola profesora encargada do seguimento do alumnado pendente con esa materia. O modo de realización desta proba virá marcado polas circunstancias que a Administración determine para este período.

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

- Información ao alumnado e ás familias

O alumnado e as familias serán informadas a través do correo electrónico persoal pola profesora a materia, así como a través dos instrumentos utilizados entre alumnado e profesora: Hangouts, Google Drive, a través da intermediación do/a profesor/a titor/a do grupo, así como durante as clases online, sempre que as condicións o permitan, e Aula Virtual. Tamén do Departamento de Orientación no caso dos alumnos incluídos no Plan de Reforzo do Vínculo Escolar.

- **Publicidade** A presente modificación da programación será facilitada á Dirección para a súa publicación na páxina web do centro.

